



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 10

FEBREIRO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Postal desde Venecia

Enrico Onofri Director

Francesca Aspromonte Soprano

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Enrico Onofri Director



PROGRAMA

ANTONIO VIVALDI (1678-1741)

Concerto “Per Parigi” en Do maior, RV. 114

Allegro

Adagio

Ciaccona

Laudate Pueri Dominum en do menor, RV. 600

Laudate pueri Dominum

Sit nomen benedictum

A solis ortu

Excelsus super omnes gentes

Quis sicut Dominus

Suscitans a terra

Ut collocet eum

Gloria Patri

Laudate, pueri... Sicut erat in principio

Amen

Francesca Aspromonte, soprano

GIOACHINO ROSSINI (1792-1868)

Sonata para cordas núm. 1 en Sol maior

Moderato

Andante

Allegro

LUIGI BOCCHERINI (1743-1805)

Sinfonía núm. 26 en do menor, G. 519

Allegro vivo assai

Pastorale lentarello

Minuetto. Allegro (trio)

Finale. Allegro

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Boris Begelman (concertino)

Anca Smeu (axuda de concertino)

Ildikó Oltai **

Daniel Kordubaylo

Anna Alexandrova

Victoria Jurov

Ilya Fisher

Claudio Guridi

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Irina Gruia **

Kiyoko Ohashi

Helena Sengelow

Enrique Roca

Gyula Vadaszi

Elina Viksne

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Ionela Ciobotaru

Timur Sadykov

Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *

Thomas Piel **

Millán Abeledo

Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *

Xavier Ramón **

CLAVE

Marta López (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Enrico Onofri

Director

Principal Director Invitado da Haydn Philharmonie
Director Residente da Sinfónica de Bochum

Principal Director Invitado da Orquesta Barroca de Sevilla
Fundador e Director do Ensemble Imaginarium

Director Musical da Academia Montis Regalis

Director Principal da Filarmonica Arturo Toscanini

Nacido en Rávena, a súa carreira comeza cun convite de Jordi Savall para ser concertino de La Capella Reial. Desde entón ten tocado con ensembles como Concentus Musicus Wien, Ensemble Mosaiques ou Concerto Italiano, sendo concertino e solista de Il Giardino Armonico de 1987 a 2010. En 2002 debuta como director con grande éxito e aplauso da crítica, convidado a partir dese intre a dirixir ensembles e orquestras por toda Europa, Xapón e América. Entre 2004 e 2013 é director principal de Divino Sospiro en Lisboa, e é fundador

do Ensemble Imaginarium para a interpretación do repertorio barroco italiano. Desde 2006 é principal director convidado da Orquesta Barroca de Sevilla e en 2019 é nomeado director musical e titular da Academia Montis Regalis e principal director convidado da Haydn Philharmonie.

Actúa nos auditorios máis importantes do mundo como o Musikverein e Konzerthaus de Viena, Mozarteum de Salzburgo, Philharmonie e Staatsoper Unter den Linden en Berlín, Alte Oper en Frankfurt, Concertgebouw en Ámsterdam, Teatro San Carlo en Nápoles, Carnegie Hall e Lincoln Center en Nova York, Wigmore Hall e Barbican Hall en Londres, Tonhalle de Zúric, Teatro dos Campos Elíseos e Châtelet de París, Auditorio Nacional de Madrid, Oji Hall de Tokio, Osaka Symphony Hall, Colón de Buenos Aires; e con artistas como Nikolaus Harnoncourt, Gustav Leonhardt, Christophe Coin, Cecilia Bartoli ou Katia e Marielle Labèque.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Compromisos pasados e futuros inclúen invitacións para dirixir orquestras como a Akademie für Alte Musik, Camerata de Berna, Festival Strings de Lucerna, Orquestra de Cámara de Basilea, Sinfónica de Bochum, Tafelmusik de Toronto, Orchestra Ensemble Kanazawa, Orchestra del Maggio Musicale Fiorentino, Real Orquesta Sinfonica de Sevilla, Orquestra de Ópera de Lyon, Orquestra de Cámara de Viena, Sinfónica de Galicia, Orquestra Metropolitana de Lisboa, Sinfonietta de Riga ou a Filarmonica Toscanini, entre outras.

Ten dirixido producións de ópera en Lyon (Gluck), Teatro de la Maestranza de Sevilla (Gluck, Haendel, Haydn), Teatro Regio de Turín (Pergolesi) e Staatstheater de Halle (Haendel), entre outros; traballando con directores de escena como Alessio Pizzech, Mariame Clément, David Marton ou Stephen Lawless.

Moitas das súas gravacións con Teldec, Decca, Naïve, Astrée, Deutsche Harmonia Mundi/Sony, Passacaille, Winter &

Winter, Virgin, Opus111, Zig Zag Territoires et Nichion teñen recibido prestixiosos galardóns internacionais como o Premio Gramophone, Grand Prix des discophiles, Echo Deutsche Schallplattenpreis, Premio Caecilia, Premio Fondazione Cini of Venice, La Nouvelle Académie du Disque e numerosos Diapason d'Or, Choc de la Musique, 10 Répertoire.

Desde 1999 é profesor de violín barroco e interpretación de música barroca no Conservatorio Scarlatti de Palermo e é convidado con regularidade a ofrecer clases maxistras en Italia, Xapón, Europa e Estados Unidos (Julliard School de Nova York). É profesor titor e director convidado da Orquestra Barroca da Unión Europea (EUBO). En 2019 foi galardoado co premio F. Abbiati ao mellor solista do ano.

Francesca Aspromonte

Soprano

Francesca Aspromonte consolidouse rapidamente como unha das sopranos máis interesantes do repertorio barroco e clásico.

Despois dos seus estudos de piano e clavecín, completou a súa formación de canto de ópera con distinción no Mozarteum de Salzburgo. Foi alumna de Renata Scotto na Accademia Nazionale di Santa Cecilia. Ten actuado en salas como o Carnegie Hall, Teatro La Fenice, Teatro dos Campos Elíseos, Grand Hall do Conservatorio de Moscú, Opéra Royal de Versailles, Royal Albert Hall, Barbican Centre, Wigmore Hall, Musikverein de Viena, Theatre an der Wien, Konzerthaus de Viena, Fundação Gulbenkian de Lisboa ou o Teatro Real de Madrid.

Cantou con directores de renome como John Eliot Gardiner, Ivor Bolton, Christophe Rousset, Diego Fasolis, Ottavio Dantone, Giovanni Antonini, Maxim Emelyanichev, Enrico Onofri,

Leonardo García Alarcón, Raphaël Pichon, Stefano Montanari, Alessandro Quarta ou Gustavo Gimeno.

Entre os seus compromisos recentes cómpre mencionar: papel principal en *Erismena* de Cavalli no Festival d'Aix en Provence; papel principal en *Semele* de Hasse no Innsbrucker Festwochen; Almirena en *Rinaldo* coa Accademia Bizantina; Eurídice no *Orfeo* de Luigi Rossi con Pygmalion; rol principal en *Dafne* de Caldara no Teatro La Fenice; Deidamia en *Aquiles en Sciros* de Corselli no Teatro Real de Madrid con Ivor Bolton; Angélica no *Orlando furioso* de Vivaldi no Teatro La Fenice; a Música e a Mensaxeira no *Orfeo* de Monteverdi nos BBC Proms de 2015; papel principal en *Magdalena aos pés de Cristo* de Caldara en Praga co Collegium 1704; rol principal en *Iole* de Porpora no Festival de Bremen;

ademais de numerosos recitais dedicados ao repertorio de música sacra, operística ou de cámara.

Compromisos vindeiros inclúen: *Rinaldo* no Teatro La Fenice de Venecia; *O boticario* de Haydn en Eisenstadt; *Dido e Eneas* en Palermo; *Fidelio* no Teatro del Maggio Musicale de Florencia; *Stabat Mater* de Boccherini en Clermont Ferrand; e *Aquiles en Sciros* de Corselli en Madrid; xunto a unha serie de concertos barrocos en Rouen, París e Aix-en Provence.

Francesca gravou para Alpha Classics, Christophorus, Harmonia Mundi, Ricercare, HDB Sonus e, recentemente, interpretou a Atalanta en *Serse* de Haendel para unha gravación de Deutsche Grammophon (Il Pomo d'Oro Orchestra, Maxim Emelyanychev), gañadora dos International Classical Music Awards 2020. Asinou un compromiso de gravación exclusivo con Pentatone Music. O seu álbum debut "Prologue" (unha selección de prólogos operísticos do século XVII,

desde Monteverdi a Scarlatti) co conxunto Il Pomo d'Oro e Enrico Onofri, foi aclamado pola crítica mundial. Desde 2019 imparte clases de interpretación do repertorio barroco italiano no Real Conservatorio da Haia.

Venecia e Roma medraban durante o Renacemento e adoitaban competir tanto no ámbito político como no artístico, pugnando polos mellores pintores, arquitectos e, por suposto, músicos. Así que durante o período Barroco, ambas cidades desenvolven unha intensa vida musical e aínda que a ópera adquire unha enorme importancia social, a partir da segunda metade do século XVII e durante o XVIII, a música instrumental cobrou un protagonismo, inédito ata entón. O veneciano Antonio Lucio Vivaldi (1678-1741) -coñecido como o Prete Rosso, o cura vermello, dada a súa condición sacerdotal e a cor do seu cabelo- foi un dos compositores máis prestixiosos e influentes da súa xeración e un extraordinario mestre dese Barroco italiano mais, sobre todo, un xenio vangardista e visionario que renovou a linguaxe barroca para dotala dunha profusión dramática incomparable. Vivaldi escribiu moitas obras para o seu propio instrumento, o violín, decisivas na evolución da interpretación deste instrumento en canto á súa escritura de cordas cruzadas e ao desenvolvemento dunha nova técnica para o manexo do arco; numerosas pezas para voz e arredor de sesenta concertos sen solista, una forma chamada *concerto a quattro* (concerto en catro partes), *concerto ripieno* aínda que para

el mesmo eran simplemente concertos ou sinfonías, sendo o primeiro compositor que utilizou a forma *ritornello*, que chegou a impoñerse nos movementos rápidos do concerto e trata a diversas seccións como instrumentos solistas, aplicándolles material motivico diferente e alternándoas e, pese a ser breves partituras, teñen moito interese melódico e harmónico. O *Concerto para cordas e baixo continuo en Do maior* pertence a un conxunto de obras copiadas polo pai do compositor e encóntrase na biblioteca do Conservatorio de París. A partitura, cuxa parte central consta de só tres acordes, basea o seu intelixente segundo movemento nunha danza popular española, a chacona, que está estruturada nun sinxelo motivo descendente e podería ser un xesto cómplice ao gusto francés pois as óperas francesas adoitaban rematar cunha chacona que consiste en variacións sobre un baixo descendente como o utilizado por Vivaldi nesta ocasión. Incluso a sinatura moi vivaldiana do final, case podería pasar por francesa.

Como dicíamos, durante o século XVIII Venecia foi expoñente musical polos logros acadados na ópera e nos *Ospedali*, institucións benéficas de acollida de nenas orfas que chegaron ser auténticos referentes europeos de ensino

musical para mulleres. Eran famosos La Pietà, Mendicanti, Incurabili e Ospedaletto, onde músicos como Vivaldi, Porpora, Hasse ou Legrenzi desenvolveron un extraordinario labor docente e formaron soberbios conxuntos vocais e instrumentais capaces de abarcar un enorme repertorio de música litúrxica para voces agudas, mais tamén moi demandados os seus concertos para solistas con acompañamento de corda e baixo continuo como os máis de vinte dous que compuxo Vivaldi para a *mestra* Maria Anna della Pietà. Unha desas partituras é este *Laudate, pueri Dominum*, datado arredor de 1715 sobre o Salmo 112, unha partitura propia do seu primeiro estilo vocal, caracterizado por unha escritura na que o texto parece axustarse á música, a voz imita aos violíns e ademais, Vivaldi utiliza os citados característicos *ritornellos* de concerto e non só nos instrumentos. No movemento inicial, a cantante ten cinco seccións curtas, como se dunha solista de concerto se tratase. A obra vai desprendéndose das súas alteracións para achegarse á luz nos movementos centrais antes de volver á tonalidade inicial. Aínda que creada para un acompañamento de dous violíns, viola e baixo, presenta instrumentación singular en *Sit nomen Domini*, sen baixo; *Excelsus super omnes gentes*, co único acompañamento do

continuo e en *Gloria patri*, un dúo moi conmovedor de voz e violín obrigado. Son salientables os momentos retóricos que cruzan a peza como en *A solis ortu*, saída e ocaso do sol representados por movementos en zigzag; en *Quis sicut Dominus*, ceo e terra son diferenciados con cambios de rexistros constantes. Para *Suscitans a terra inopem*, Vivaldi crea unha sucesión de tempos supostamente estraña, que se desvela cando o brillante *Presto* ten que ver co acto de levantar (*suscitans*), o brusco *Adagio* coincide coa aparición da pobreza (*inopem*) e o cromático *Andante*, coa idea de apartar aos máis desfavorecidos da estreira (*stercore erigens pauperem*). O noveno número é unha versión transformada do de apertura, que o compositor aproveita para transcribir e entretecer outros versículos da obra. Como remate, no *Amen*, aparece o Vivaldi máis dramático ofrecendo un final dunha intensa profusión contrapuntística.

Cando se pensa en Gioachino Rossini (1792-1868), pénsase nas súas óperas, nas súas grandes obras, sen embargo, hai un conxunto de obras temperás pouco coñecidas que amosan unha faceta moi diferente do compositor de Pesaro quen herdaba da súa familia a destreza musical pois o seu pai era intérprete e profesor na Academia

de Bolonia e a súa nai, cantante de ópera. Así, en 1804, cando só tiña 12 anos, escribiu seis sonatas de corda para 2 violíns, violonchelo e contrabaixo nunha inusual formación que tiña que ver cos instrumentos que o rodeaban pois foron compostas en Rávena na casa do seu anfitrión aquel verán, Agostino Triossi, afeccionado contrabaixista que interpretou a peza xunto aos seus dous primos no violonchelo e primeiro violín e, no segundo, o mesmo Rossini quen lembraba que todos tocaban terriblemente e quen sendo adulto escribiu “Seis espantosas sonatas compostas [...] cando só era un cativo e aínda non recibira nin unha lección de acompañamento, todo composto e copiado en tres días”. Mais a pesar de ser un neno e beber directamente das partituras de Haydn e Mozart, a *Sonata en Sol maior* sona como Rossini, presaxiando ao compositor que chegará a ser coñecido a través das súas óperas, trazando unha liña lírica que se estende a unha nova voz e un humor latente que aparecerá máis adiante na súa carreira. Emulando o espírito despreocupado do divertimento do século XVIII -máis que o do cuarteto de corda máis serio- un Rossini, nin sequera adolescente, escribe liñas sutís e elegantemente fluídas no movemento inicial, permitindo que os dous violíns compitan pola atención,

mentres que o violonchelo e o contrabaixo engaden resonancia á sonoridade xeral. O movemento lento desenvólvese suavemente en torno ás ideas musicais introducidas nos seus primeiros compases. Un rápido cambio de medio ton conduce a un final xocoso onde os dous violíns volven enfrontarse, permitindo ao violonchelo unha melodía simbólica, incluso cun momento de protagonismo para o contrabaixo que pecha a exposición. Hoxe en día, as sonatas de corda non só se interpretan na súa forma orixinal de cuarteto, senón tamén por orquestras de cámara.

O compositor e virtuoso violonchelista Luigi Boccherini (1743-1805) conservou un estilo cortesán e galante mentres maduraba un tanto distante dos grandes centros musicais europeos. A súa música de cámara, en xeral, segue os modelos establecidos por Haydn mellorando o seu modelo de cuarteto de corda ao dar protagonismo ao violonchelo dado o seu dominio do instrumento. O estilo do italiano caracterízase polo típico encanto rococó, a lixeireza e o optimismo e exhibe unha alta capacidade creativa melódica e rítmica, xunto con influencias da tradición guitarrística do seu país de acollida pois chegou a Aranjuez en 1769 como integrante da orquestra para varias representacións

operísticas e o ano seguinte, instalouse en Madrid ao servizo da corte do infante Luís de Borbón y Farnesio (irmán do rei Carlos III) onde compuxo algunhas das súas obras máis célebres como as baseadas en motivos españois. A súa biógrafa, Elisabeth Le Guin, destaca del “unha asombrosa repetitividade, un afecto polas pasaxes extensas con texturas fascinantes pero practicamente sen liña melódica, unha obsesión polas dinámicas suaves, un oído único para a sonoridade e unha paleta infrecuentemente rica de afectos introvertidos e lúgubres”. O seu completo catálogo de música de cámara inclúe máis de cen quintetos para dous violíns, viola e dous violonchelos (unha novidosa formación fronte á común con dúas violas e un chelo), unha ducia de quintetos para guitarra, preto de cen cuartetos de corda, tríos, sonatas (polo menos 19 para violonchelo) e respecto á súa música orquestral, 12 concertos para o seu instrumento preferido e arredor de 30 sinfonías. Cando en 1788 Boccherini escribiu esta *Sinfonía núm. 26*, don Luis xa morrera e o autor era libre para aceptar unha antiga oferta do príncipe Guillermo de Prusia xa convertido no rei Friedrich Wilhelm II quen lle ofreceu prover de música a súa corte sen necesidade de vivir en Prusia. Esta é a quinta das

sinfonías que Boccherini enviou ao Rei co título *Sinfonia a piu instrumenti obb[liga]ti*, descrición que reflicte a tendencia do compositor, a máis avanzada do seu tempo, na procura da variedade tonal mediante o uso de diversos instrumentos solistas e combinacións dos mesmos. Tamén a catalogou como *Sinfonía a gran orchestra* pois a partitura require dous óboes, fagotes e trompas, ademais das cordas habituais, que Boccherini divide a miúdo de forma pouco habitual e recorre a grupos solistas. En comparación coas catro sinfonías anteriores, en xeral, ofrece un son orquestral máis masivo, utilizando as pasaxes máis solistas para equilibrar. Aínda que a sinfonía non foi publicada en vida de Boccherini, a finais do século XIX xa espertara admiración, sobre todo despois de que o musicólogo Maurice Cristal a citara en 1875 como unha influencia non recoñecida nas sinfonías de Beethoven. A obra consta de catro movementos sendo o lento, *Pastorale lentarello*, especialmente encantador, pero tamén é salientable a inventiva melódica do seu primeiro movemento.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 24 febreiro, 20:30 h

VIAXE INTERIOR

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

G. Mahler: Sinfonía núm. 7 en mi menor
(orq. J. Trillo)*

Xoves 25 febreiro, 20:30 h

INFINITA TENRURA

CICLO DE LIED

Christiane Karg, soprano

Gerold Huber, piano

G. Mahler

*Estrea absoluta da orquestración. Encargo da RFG

En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Paul Daniel e Joam Trillo

19:15 h

Sala Mozart

Conversando con...

Luis Gago

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

